



EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

ÁREA DE ECONOMÍA, RECADACIÓN, FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS. SERVIZO DE XESTIÓN, RECADACIÓN E INSPECCIÓN TRIBUTARIA

- E D I C T O -

NOTIFICACIÓN COLECTIVA DE DÉBEDAS TRIBUTARIAS DE VENCEMENTO PERIODICO.

De conformidade co establecido no artigo 102.3 da Lei 58/2003, xeral tributaria, do 17 de decembro, notifícase colectivamente a liquidación dos ingresos públicos e concellos que se citan:

CONCELLO	PERIODO	TAXAS
BARALLA	3º-trimestre-2022	Taxa de subministro de auga, lixo, sumidoiros e Canon auga Xunta de Galicia.
NAVIA DE SUARNA	3º-timestre-2022	Taxa de recollida de lixo
O INCIO	3º-trimestre-2022	Taxa de auga, lixo, e Canon auga Xunta de Galicia.
O PÁRAMO	3º-trimestre-2022	Taxa de recollida de residuos sólidos urbanos
O PÁRAMO	3º-trimestre-2022	Taxa de subministro de auga e Canón auga Xunta de Galicia
POL	3º-trimestre-2022	Taxa de recollida de residuos sólidos urbanos
SARRIA	ANUAL	Taxa de recollida de lixo no medio rural
SARRIA	ANUAL	Taxa de entrada vehículos a traveso beirarrúas
O VICEDO	1º-semester-2022	Taxa de auga, lixo, sumidoiros e Canon auga Xunta de Galicia
A PONTENOVA	2º-trimestre-2022	Taxa de auga, lixo, sumidoiros e Canon auga Xunta de Galicia

Os Padróns poderán ser consultados polos interesados na Deputación Provincial de Lugo/ Servizo de Xestión, Recadación e Inspección Tributaria (Ronda Muralla, núm. 140- Pavillón 1- CP 27004- Lugo) e no Concello correspondente, durante o prazo de QUINCE DIAS contados a partir da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

As liquidacións obxecto de notificación colectiva teñen carácter provisional segundo o disposto no art. 101.4 da Lei Xeral Tributaria e, en contra destas, poderase interpoñer recurso de reposición perante o órgano competente do Concello, no prazo DUN MES, a contar dende o día seguinte da finalización do prazo de exposición. Poderase exercitar, non obstante, calquera outro recurso que se considere procedente. Todo iso, en virtude co establecido no art. 14.2 do Texto refundido da Lei reguladora das Facendas locais.

Lugo, 10 de outubro de 2022.- O Presidente, P. D. Decreto, de data 24/07/2019. A Deputada Delegada de Economía, Recadación, Facenda e Especial de Contas Mayra García Bermúdez.

ANUNCIO DE COBRANZA

Recadacion en período voluntario de débedas tributarias de vencemento periódico.

De conformidade co establecido nos artigos 24 e 25 do Regulamento xeral de recadación, aprobado por Real decreto 939/2005, do 29 de xullo, comunicase que o prazo de ingreso en período voluntario de Taxas e Prezos

Públicos, relacionados abaixo, empezará a contar o día 28/10/2022 e finalizará o día 28/12/2022, ambos os dous incluídos.

Relación de tributos e concellos:

CONCELLO	PERIODO	TAXAS
BARALLA	3º-trimestre-2022	Taxa de subministro de auga, lixo, sumidoiros e Canon auga Xunta de Galicia.
NAVIA DE SUARNA	3º-timestre-2022	Taxa de recollida de lixo
O INCIO	3º-trimestre-2022	Taxa de auga, lixo, e Canon auga Xunta de Galicia.
O PÁRAMO	3º-trimestre-2022	Taxa de recollida de residuos sólidos urbanos
O PÁRAMO	3º-trimestre-2022	Taxa de subministro de auga e Canón auga Xunta de Galicia
POL	3º-trimestre-2022	Taxa de recollida de residuos sólidos urbanos
SARRIA	ANUAL	Taxa de recollida de lixo no medio rural
SARRIA	ANUAL	Taxa de entrada vehículos a traveso beirarrúas
O VICEDO	1º-semester-2022	Taxa de auga, lixo, sumidoiros e Canon auga Xunta de Galicia
A PONTENOVA	2º-trimestre-2022	Taxa de auga, lixo, sumidoiros e Canon auga Xunta de Galicia

O ingreso das débedas realizarase en calquera oficina da Entidade ABANCA, “La Caixa” - Caixabank SA, Banco Bilbao Vizcaya Argentaria S. A. (BBVA) e Banco Sabadell S.A., en días laborables, de luns a venres, de 08:30 a 14:00 h, na que se presentará o documento de ingreso que se envía, por correo, aos domicilios dos contribuíntes. As persoas que non reciban ou extravíen o documento de ingreso, poderán solicitar un novo na oficina da entidade bancaria e realizarán, igualmente, o pagamento. O ingreso poderá realizarse por calquera canle habilitada en horario ampliado (caixeiros automáticos, internet, banca electrónica).

Tamén pode realizarse o pago na Sede Electrónica da Deputación, Portal do Contribuínte, por delegación do seu Concello, que é o que envía o Padrón para o cobro. Ou mediante xiro postal dende calquera oficina de Correos (Sociedad Estatal Correos y Telégrafos).

O pagamento dos citados tributos poderase domiciliar, para anos sucesivos, en caixas de aforros, bancos e demais entidades financeiras. Para este trámite será necesario cubrir o impreso de domiciliación que acompaña ao documento cobratorio e remitilo ao Servizo de Xestión Tributaria e Recadación, ou ben entregalo en calquera das entidades citadas, cando a domiciliación se refira a unha conta aberta nas mesmas.

Infórmase tamén que, transcurrido o prazo de ingreso en período voluntario, as débedas faranse efectivas pola vía de constrinximento e serán esixibles as recargas do período executivo e os xuros de mora correspondentes, tal como estipulan os artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, do dezasete de decembro, xeral tributaria e, se é o caso, as custas que se produzan.

A falta de pagamento do Canon da Auga e do Coeficiente de Vertedura, no período voluntario sinalado suporá a esixencia do mesmo directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia. A repercusión do canon da auga e do Coeficiente de Vertedura poderá ser obxecto de reclamación económico administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes dende esta notificación.

Lugo, 10 de outubro de 2022.- O Presidente, P. D. Decreto, de data 24/07/2019, A Deputada Delegada de Economía, Recadación, Facenda e Especial de Contas, Mayra García Bermúdez.

ÁREA DO MEDIO RURAL E DO MAR, E MOCIDADE

Anuncio

EXTRACTO DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, EN SESIÓN CELEBRADA O 21 DE OUTUBRO DE 2022, POLO QUE SE APROBA A CONVOCATORIA E BASES QUE CANALIZARÁN AS SUBVENCÍONS, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA, PARA APOIAR A PREVENCIÓN DE INCENDIOS EN TERREOS AGRÍCOLAS E FORESTAIS, MEDIANTE O FOMENTO DE BOAS PRÁCTICAS DE SILVOPASTOREO E PASTOREO EN EXTENSIVO QUE PRODUZAN A REDUCCIÓN DOS NIVEIS DE BIOMASA EXISTENTE, NA EXECUCIÓN DO PROGRAMA “O QUE NON ARDE”, NA ANUALIDADE 2022

BDNS

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo se pode consultar na Base de Datos Nacional de Subvencións, no enderezo electrónico: <https://www.pap.hacienda.gob.es/bdnstrans/ge/es/convocatorias>

Primeiro.- Obxecto

As presentes bases teñen como obxecto a ordenación do procedemento para a concesión de subvencións, en réxime de concorrancia competitiva, no marco do Programa “O que non arde”, de axudas dirixidas a persoas físicas e/ou xurídicas titulares de explotacións gandeiras da provincia de Lugo, que leven a cabo actuacións de silvicultura preventiva de lumes, mediante silvopastoreo ou pastoreo en extensivo, para o que se incentivará a adquisición de elementos capaces de limitar os danos que poida ocasionar a fauna salvaxe ao gando, ao obxecto de contribuír a previr e minorar as consecuencias e os impactos negativos que os incendios forestais poidan provocar sobre a capacidade potencial de desenvolvemento e produción dos montes.

Segundo.- Beneficiarios

Poderán ser beneficiarias destas subvencións as persoas físicas ou xurídicas titulares de explotacións gandeiras que estean inscritas no Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia (Reaga) e que leven a cabo actividades silvopastorís con gandería extensiva, contribuíndo deste xeito á prevención e defensa contra os incendios forestais en Galicia.

Tamén poderán ser beneficiarias as asociacións ou federacións nas que estas se integren, legalmente constituídas, de produtores de gando cabrún, ovino ou porcino que fomenten entre os seus asociados o silvopastoreo preventivo, mediante a formación e o asesoramento técnico.

As beneficiarias deben cumprir os requisitos establecidos nos apartados 2 e 3 do artigo 13 da LXS, e nos apartados 2 e 3 do artigo 10 da LSG, estando sometidos, en todo caso, ás obrigas previstas nos artigos 14 e 11 das mesmas Leis, respectivamente.

En ningún caso poderá acceder á condición de beneficiaria a entidade que, tendo solicitada a subvención, teña pendente de xustificación subvencións anteriormente outorgadas pola Deputación de Lugo, sempre que o prazo establecido para a súa presentación finalizase.

Asemade, os beneficiarios quedarán obrigados a facilitar toda a información que lles sexa requirida pola Intervención da Deputación de Lugo, Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control de destino das subvencións.

Os requisitos para obter a condición de beneficiaria das subvencións acreditaranse mediante a presentación dos documentos que se relacionan na Base 7.

Terceiro.- Bases reguladoras

A Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Lugo, que se pode consultar na web da entidade, no enderezo electrónico: <https://www.deputacionlugo.gal/subvencions>

Convocatoria de subvencións, en réxime de concorrancia non competitiva, para apoiar a organización de visitas, por parte das ANPAS dos centros escolares de educación infantil e primaria provinciais, ás granxas e explotacións agropecuarias da provincia de Lugo, e actividades asociadas ás mesmas, na execución do Programa “Da escola á granxa”, na anualidade 2022; enderezo electrónico: <https://www.deputacionlugo.gal/gl/temas/medio-rural/subvencions-concorrencia>

Cuarto.- Contía das subvencións e compatibilidade con outras axudas

A contía total máxima destinada a estas actuacións, incluída no Orzamento Xeral da Deputación de Lugo para o exercicio 2022, é de 60.000 €, coa seguinte distribución:

- Actuacións incluídas no Eixo 1, liña a): 39.000 €, con cargo á aplicación orzamentaria 4190.789
- Actuacións incluídas no Eixo 1, liña b): 5.000 €, con cargo á aplicación orzamentaria 4190.789
- Actuacións incluídas no Eixo 2: 16.000 €, con cargo á aplicación orzamentaria 4190.48900

O importe das axudas para cada actuación será o que corresponda en función do orzamento e das solicitudes que cumpran os requisitos establecidos nas Bases 4 e 7, segundo o previsto na Base 2, establecéndose unha contía mínima de 300 € e as seguintes contías máximas:

- Actuacións incluídas no Eixo 1, liña a): 2.500 €
- Actuacións incluídas no Eixo 1, liña b): 5.000 €
- Actuacións incluídas no Eixo 2: 4.000 €

As contías das axudas fan referencia a unha porcentaxe ou fracción do custo total da actuación a subvencionar, xa que, polo menos, o 5% das actuacións subvencionadas deberán ser financiadas pola propia persoa ou entidade beneficiaria.

No suposto de que, unha vez resoltas as subvencións, non se esgote o crédito existente para cada un dos eixos obxecto da presente convocatoria, o remanente existente en cada eixo poderá ser empregado no eixo ou liña/s restantes, sempre que non supoña modificación orzamentaria, co obxectivo de satisfacer as necesidades das solicitudes presentadas.

Do mesmo xeito, tamén se poderán incorporar a este Programa remanentes derivados da execución doutros plans similares postos en marcha por esta entidade.

As subvencións serán compatibles con outro tipo de achegas ou subvencións concedidas para a mesma finalidade por outras Administracións Públicas ou outros entes, públicos ou privados.

Quinto.- Prazo para a presentación de solicitudes

Os interesados en solicitar estas axudas disporán dun prazo de presentación de vinte días hábiles contados a partir do día seguinte ao da data da publicación do extracto desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Este Acordo pon fin á vía administrativa, polo que contra o mesmo cabe interpoñer recurso de reposición ante a Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo, no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da recepción da presente notificación, ou recurso Contencioso-Administrativo ante o Xulgado desta Orde Xurisdiccional de Lugo, no prazo de dous meses e na forma prevista na lexislación reguladora da devandita Xurisdición, sen prexuízo de que os interesados poidan interpoñer calquera outro que consideren procedente.

Lugo, 24 de outubro de 2022.- O Presidente, P.D. Decreto do 24/07/2019, a deputada delegada da Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade, Mónica Freire Rancaño.

R. 3050

RRHH-SELECCIÓN, PROMOCIÓN E CARREIRA

Anuncio

PUBLICACIÓN DA RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA DE DATA 24 DE OUTUBRO DE 2022 POLA QUE SE APROBA A LISTAXE DEFINITIVA DE PERSOAS ADMITIDAS E EXCLUÍDAS, DO PROCESO SELECTIVO PARA O INGRESO COMO FUNCIONARIO DE CARREIRA EN 3 PRAZAS DENOMINADAS AUXILIAR (2 COTA RESERVA PARA PERSOAS CON CAPACIDADES DIFERENTES E 1 COTA XERAL), NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, INCLUÍDAS NAS OEP DOS ANOS 2019 E 2021, ACCESO LIBRE (BOP núm. 134 de 13.06.2022)

Tras ver a proposta da deputada delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, a teor do seguinte texto:

“Por acordo da Xunta de Goberno do 03.06.2022, apróbase a convocatoria e as bases específicas que rexen o proceso selectivo para o ingreso como funcionario/a de carreira en tres (3) prazas denominadas Auxilia A.X, da Deputación Provincial de Lugo, escala administración xeral, subescala auxiliar, grupo C - subgrupo C2, polo sistema de oposición, quenda libre (BOP núm. 134 de 13.06.2022), correspondentes á oferta de emprego público (OEP) dos anos 2019 e 2021.

As bases xerais, que regulan os procesos selectivos que convoque a Deputación Provincial de Lugo, para cubrir prazas vacantes do cadro de persoal funcionario ou laboral fixo, incluídas nas OEP, acceso libre (cota xeral ou cota de reserva a persoas con capacidades diferentes) foron aprobadas por acordo da Xunta de Goberno de data 12.03.2021 e publicadas no BOP núm. 101, do 06.05.2021.

Por resolución da presidencia do 15.09.2022 apróbase a listaxe provisional de admitidos/as e excluídos/as, na cota xeral e na cota de reserva a persoas con capacidades diferentes, o nomeamento do Tribunal Cualificador e as datas de celebración da sesión de constitución do Tribunal e do primeiro exercicio da oposición. A dita resolución foi publicada no BOP núm. 218, do 22.09.2022.

Visto que Dona María Mazón Muíña, que figura admitida na cota xeral (por non acreditar cumprir o requisito esixido na base xeral 4.2 para ser incluída na cota de reserva a persoas con capacidades diferentes), presenta

alegación na que solicita a súa admisión na cota de persoas con capacidades diferentes acreditando mediante certificado do órgano competente o grao de minusvalía igual ou superior ao 33%.

Considerando que a alegante cumpre os requisitos sinalados nas bases da convocatoria para poder ser admitida na cota de reserva para persoas con capacidades diferentes, propónse á presidencia para cumprimento da base xeral 6.2 que, en uso das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, RESOLVA:

1º.- Estimar a alegación de Dona María Mazón Muíña contra a listaxe provisional aprobada por resolución da Presidencia de data 15.9.2022 (BOP núm. 218, do 22.09.2022) do proceso selectivo para o ingreso como funcionario/a de carreira en tres (3) prazas denominadas Auxiliar A.X, da Deputación Provincial de Lugo, escala administración xeral, subescala auxiliar, grupo C – subgrupo C2, polo sistema de oposición, quenda libre (BOP núm. 134 de 13.06.2022), correspondentes á oferta de emprego público (OEP) dos anos 2019, admitindo a aspirante na listaxe definitiva para participar na cota de reserva de persoas con capacidades diferentes por acreditar o requisito esixido nas bases da convocatoria.

2º.- Aprobar a seguinte listaxe definitiva de persoas admitidas e excluídas ao proceso selectivo:

A.- COTA XERAL

A.1.- PERSOAS ADMITIDAS:

NÚMERO	APELIDOS E NOME	DNI ANONIMIZADO
1	ABELEDONISTAL, EVA (1)	***454***
2	ABUÍN FERNÁNDEZ, PAULA	***300***
3	ALONSO BLANCO, CLAUDIA	***181***
4	ALONSO LÓPEZ, LAURA	***564***
5	ÁLVAREZ DÍAZ, MARÍA DE LOS ÁNGELES	***575***
6	BARRAL GONZÁLEZ, ROBERTO	***224***
7	BRANDARÍZ SEOANE, MARÍA	***032***
8	CASTRO LÓPEZ, SILVIA	***369***
9	CEDRÓN SANTAEUFEMIA, ANA BELÉN	***454***
10	COIRA LÓPEZ, MARÍA JOSÉ	***859***
11	CRENDE SOILÁN, JAVIER	***320***
12	DEL RÍO CARRETE, MARÍA JOSÉ	***049***
13	DÍAZ MARTÍNEZ, LUCÍA	***480***
14	DÍAZ SUFENTES, RAQUEL	***433***
15	DOCAMPO ROBLES, DANIEL	***010***
16	ESCARIZ CAMOIRA, ÁLVARO	***482***
17	FEIJOO GONZÁLEZ, ADRIÁN	***438***
18	FERNÁNDEZ ÁLVAREZ, LORENA	***806***
19	FERNÁNDEZ CAMPOS, JOSÉ	***702***
20	FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, UXÍA	***475***
21	FERNÁNDEZ FREIRE, MARÍA PAZ	***373***

22	FERNÁNDEZ GRAÑA, SARA	***818***
23	FERNÁNDEZ VILA, IRIA (1)	***954***
24	FIDALGO GONZÁLEZ, IRENE MARGARITA	***498***
25	FREIRE RICO, SILVIA	***582***
26	GARABAL NIEVES, CRISTINA	***084***
27	GARCÍA BERNÁRDEZ, MARÍA CRISTINA	***004***
28	GARCÍA FERNÁNDEZ, CLARA	***203***
29	GONZÁLEZ CASAR, REBECA	***845***
30	GONZÁLEZ LÓPEZ, TANIA	***422***
31	GONZÁLEZ REY, OLGA	***292***
32	GRANDÍO LATORRE, MIGUEL	***500***
33	HERNÁNDEZ VILLAVIEJA, VANESA	***970***
34	IRIARTE SUAREZ, UXÍA	***599***
35	IRIGOYEN VÁZQUEZ, SERGIO	***554***
36	LAGE GARCÍA ARMERO, ANA MARÍA	***694***
37	LÓPEZ AIRA, LAURA	***518***
38	LÓPEZ DE LA VILLA, MARÍA DEL VALLE	***219***
39	LÓPEZ DÍAZ, IRIA	***834***
40	LÓPEZ FERNÁNDEZ, LAURA	***364***
41	LÓPEZ GÓMEZ, CELIA	***748***
42	LÓPEZ GÓMEZ, SANDRA	***477***
43	LÓPEZ GONZÁLEZ, BEGOÑA	***507***
44	LÓPEZ GONZÁLEZ, SANDRA	***417***
45	LÓPEZ RODRÍGUEZ, MARTA	***424***
46	LÓPEZ VÁZQUEZ, TERESA	***490***
47	LÓPEZ VEIGA, DAVID	***540***
48	MARIÑO NÚÑEZ, MARÍA JOSÉ	***452***
49	MARTÍNEZ FERNÁNDEZ, MARÍA JOSEFA	***493***
50	MARTÍNEZ PALACIÁN, FRANCISCO JOSÉ	***173***
51	MÉNDEZ CANCIO, MANUEL	***221***
52	MÉNDEZ RODRÍGUEZ, GLORIA	***377***

53	MOSQUERA PÉREZ, ISABEL	***779***
54	MOURELLE FERREIRO, AMPARO	***109***
55	NÚÑEZ MEILÁN, MARÍA DEL CARMEN	***459***
56	NÚÑEZ POL, JOSÉ MANUEL	***776***
57	OCAMPO PIÑEIRO, ELENA	***348***
58	OTERO RADIO, ELVA	***249***
59	PARDO LÓPEZ, RAQUEL	***765***
60	PARDO SÁNCHEZ, RAQUEL	***538***
61	PAVÓN PRIETO, RODRIGO	***484***
62	PÉREZ FLORES, DIEGO	***517***
63	PÉREZ MOURÍZ, MARÍA JOSÉ	***436***
64	PINAL SEOANE, SILVIA MARÍA	***566***
65	PONTE REIRIZ, IRIA	***171***
66	REBOLO LÓPEZ, HUGO	***489***
67	REBOLO MAGARIÑOS, DAVID	***940***
68	REBOLO MELLA, BELÉN	***392***
69	REQUEJO PECCIS, JESÚS ENRIQUE	***208***
70	RODRÍGUEZ CABAÑAS, MIGUEL	***365***
71	RODRÍGUEZ ESPÍÑO, DANIELA	***790***
72	RODRÍGUEZ LODEIRO, MERCEDES	***352***
73	RODRÍGUEZ NÚÑEZ, MARÍA DEL CARMEN	***641***
74	RODRÍGUEZ VÁZQUEZ, CARLA MARÍA	***577***
75	ROZAS GARCÍA, MANUEL ÁNGEL	***586***
76	SALAZAR ARIAS, LAURA	***399***
77	SOBRIDO GARCÍA, ELOY	***855***
78	SUÁREZ EXPÓSITO, IGNACIO	***854***
79	TORRE MAHÍA, LIDIA	***803***
80	TORRES LOSADA, IAGO	***695***
81	TRASEIRA GONZÁLEZ, MARÍA DE LOS ÁNGELES	***366***
82	VALCARCEL LÓPEZ, ALEJANDRO	***580***
83	VALLE VARA, BEATRIZ	***548***

84	VÁZQUEZ FERNÁNDEZ, MARTA MARÍA	***424***
85	VÁZQUEZ FERNÁNDEZ, VANESA	***548***
86	VÁZQUEZ GÓNZÁLEZ, MARÍA	***422***
87	VÁZQUEZ MONTES, TAMARA	***761***
88	VEIGA DÍAZ, MERCEDES	***091***
89	VILELA CARBALLO, OLALLA	***485***
90	VIVERO CASABELLA, NEREA	***809***

(1) Preséntase a cota de reserva de persoas con capacidades diferentes sen cumprir os requisitos polo que se inclúe na cota xeral.

B.- COTA RESERVA A PERSOAS CON CAPACIDADES DIFERENTES

B.1.- PERSOAS ADMITIDAS:

NÚMERO	APELIDOS E NOME	DNI ANONIMIZADO
1	ANDIÓN PENA, NANCY	***482***
2	ASOREY PAPELL, JAVIER	***142***
3	CALOTO CONDE, MARTA	***518***
4	DEL POZO VÁZQUEZ, SUSANA	***107***
5	FELGUEIRAS CAAVEIRO, MARÍA DEL PILAR	***165***
6	LAMAS ARES, MARÍA ISABEL	***362***
7	MAZÓN MUIÑA, MARÍA	***589***
8	SÁNCHEZ VARELA, RAQUEL	***377***

B.2.- PERSOA EXCLUÍDA:

APELIDOS E NOME	MOTIVO DE EXCLUSIÓN
FERNÁNDEZ ROJAS, FABIOLA	Instancia presentada o día 07.09.2022, fóra do prazo de presentación de instancia que rematou o 11.08.22 (Base Xeral 5.3).

3º.- Publicar a presente resolución no taboleiro de edictos, na páxina web da entidade e no *Boletín Oficial da Provincia* (BOP).

Contra a listaxe definitiva, as persoas aspirantes poderán interpoñer, con carácter potestativo, recurso de reposición, diante do presidente no prazo dun mes a partir do día seguinte o da publicación desta resolución no BOP ou ben recurso contencioso - administrativo diante do Xulgado Contencioso - Administrativo de Lugo no prazo de dous meses dende o día seguinte á citada publicación sen prexuízo de que se interpoña calquera outra que se estime oportuno.

Non obstante, as persoas interesadas poderán presentar as alegacións que estimen convenientes para a súa consideración na resolución que poña fin ao procedemento conforme ao artigo 112.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do procedemento administrativo común das Administracións Públicas”.

- Polo anteriormente exposto e, en uso das facultades que lle confire a esta Presidencia o artigo 34 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, **RESOLVO:**
- Prestar aprobación á proposta anteriormente transcrita en todas as súas partes.”

Pazo Provincial, 24 de outubro de 2022.- O secretario xeral, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 3051

CONCELLOS ANTAS DE ULLA

Anuncio

APROBACIÓN DEFINITIVA MODIFICACIÓN ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DO SUBMINISTRO DE AUGA

Ao non presentarse reclamacións durante o prazo de exposición ao público, queda automaticamente elevado a definitivo o acordo plenario provisional do Concello de Antas de Ulla do día 31 de agosto de 2022 de modificación da Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo do subministro de auga.

O texto íntegro da modificación da devandita Ordenanza faise público en cumprimento do artigo 17.4 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

Modificación do artigo 7º, apartados 6 e 7, que regula as normas de xestión, que quedará redactado como segue:

«ARTIGO 7º. **NORMAS DE XESTIÓN.**

6. Os contadores estarán situados nun lugar axeitado e accesible, preto da chave de paso, na parte exterior do inmovible. No caso de vivendas colectivas, os contadores irán nun compartimento ou caixa, en sistema de batería, no baixo do inmovible e nunha zona de uso común, con acceso directo desde o portal de entrada. A conexión de contadores se efectuará baixo vixilancia e supervisión de persoal do Concello designado ao efecto, correndo a cargo do solicitante os gastos de instalación.

7. Para o coñecemento e control dos consumos realizados polos usuarios instalaranse contadores debidamente homologados. As lecturas destes contadores faranse periodicamente, cos intervalos que estime conveniente o Concello. O abonado ao servizo estará obrigado a facilitar o acceso ao persoal encargado da lectura dos mesmos.»

Contra o presente Acordo, conforme ao artigo 19 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, poderase interpor polos interesados recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Antas de Ulla, a 24 de outubro de 2022.- O Alcalde, Javier Varela Pérez.

R. 3052

BECERREÁ

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

Elevado a definitivo por non terse presentado reclamacións, e así dispoñelo o acordo de aprobación provisoria de data 2 de setembro de 2022 da modificación da ordenanza fiscal reguladora da taxa polo servizo de Gardería Infantil Municipal do Concello de Becerreá, expediente núm.: 1035/2022, a medio da presente, publícase o devandito acordo na súa parte dispositiva e o texto íntegro da modificación da ordenanza en cumprimento do disposto no artigo 17.4 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais:

“ARTIGO ÚNICO.-

Modifícanse os artigos 5 e 6 que quedan redactados do seguinte xeito:

“Artigo 5.- **Cota tributaria:**

1.- A asistencia educativa será gratuíta para todos os nenos e nenas que asistan a Escola Infantil Municipal de Becerreá.

2.- Tarifas polo uso do comedor:

Para a determinación das tarifas terase en conta o indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM), segundo o disposto polo artigo 2.3 do Real Decreto Lei 3/2004, do 25 de xuño, para a racionalización da regulación do salario mínimo interprofesional e para o incremento da súa cónita ou indicador que legalmente o

substitúa, quedando establecidas do seguinte xeito en cómputo mensual e segundo os tramos de renda per cápita da unidade familiar:

a) Rendas inferiores ao 30% do IPREM:

Servizo de comedor: 0 €.

b) Rendas comprendidas entre o 30% e inferiores ao 75% do IPREM.

Servizo de comedor: 16,50 €.

c) Rendas comprendidas entre o 75% e inferiores ao 100 % do IPREM.

Servizo de comedor: 25,00 €.

d) Rendas comprendidas entre o 100% e inferiores ao 125 % do IPREM.

Servizo de comedor: 35,00 €.

e) Rendas comprendidas entre o 125% e inferiores ao 150% do IPREM.

Servizo de comedor: 50,00 €.

f) Rendas comprendidas entre o 150% e inferiores ao 200% do IPREM.

Servizo de comedor: 60,00 €.

g) Rendas superiores ao 200% do IPREM.

Servizo de comedor: 70,00 €

A contía do IPREM será a establecida anualmente.

O prezo do servizo de comedor fíxase en 70 euros mensuais. Sobre este prezo aplicárense as reducións especificadas anteriormente. No caso de nenos que non empreguen o servizo de xeito habitual, e por motivos xustificadas desexen empregalo algún día solto, o importe da taxa será de 4 euros por día. O prezo do comedor por días soltos non estará suxeito a ningunha redución.

Con carácter excepcional os nenos e as nenas poderán ampliar a súa xornada de atención educativa mediante a solicitude horas extraordinarias sempre que acrediten a súa necesidade. O prezo mensual de cada hora en que se incremente o horario de atención educativa adxudicado ao usuario ou usuaria será de 20 €. O prezo da hora extraordinaria non estará suxeito a ningunha redución.

As tarifas de comedor e ampliación de horarios devengarase cando tales servizos sexan efectivamente prestados pola Escola Infantil Municipal.

3.- Horarios do servizo:

Os horarios do servizo da escola infantil municipal serán os establecidos no regulamento do centro.

4.- Renda per cápita:

A renda per cápita mensual da unidade familiar computarase segundo as seguintes regras:

a) Enténdese por unidade familiar a formada polos cónxuxes non separados legalmente e:

i. Os fillos e as fillas menores, con excepción dos que, con consentimento dos seus pais e nais vivan independentes destes.

ii. Os fillos e fillas maiores de idade incapacitados xudicialmente suxeitos á patria potestade prorrogada ou rehabilitada.

iii. Os fillos e as fillas maiores de dezoito anos discapacitado con un grado de discapacidade superior ao 33%.

A determinación dos membros da unidade familiar realizarase atendendo á situación existente ao 31 de decembro do ano a que se refiran os datos económicos a que se refiren as seguintes regras.

b) Tomarase o importe dos ingresos totais da unidade familiar, que será o resultado da agregación das rendas do exercicio anterior a aquel en que dea comezo o curso escolar, no cal se pretenda que produza efectos, de cada un dos membros da unidade familiar, calculadas por agregación da base imponible seras coa base imponible do aforro, calculadas segundo os criterios establecidos na normativa do imposto sobre a renda das persoas físicas.

O importe dos ingresos totais da unidade familiar será acreditado, mediante a presentación das copias certificadas pola Administración tributaria das declaracións do IRPF ou a certificación de ingresos das persoas que non presentasen as declaracións do IRPF.

A documentación anterior poderá ser substituída pola correspondente autorización ao Concello de Becerreá para obter os datos necesarios para determinar os ingresos totais para estes efectos a través das correspondentes administracións tributarias.

c) O importe anterior dividirase polo número de membros computables da unidade familiar. No caso de familias monoparentais, incrementarase nun 0,8 o número real de membros que compoñan a unidade familiar.

Entenderase por familia monoparental a unidade familiar formada por un único proxenitor ou proxenitora que non conviva con outra persoa con quen manteña unha relación análoga á conxugal e sempre que o outro proxenitor ou proxenitora non contribúa economicamente ao seu sustento.

d) A renda per cápita mensual será o resultado de dividir o importe anterior por doce.

Os datos fiscais aplicables será o resultado de dividir o importe anterior por doce. Os datos fiscais aplicables serán os resultantes da derradeira declaración do IRPF presentada que ven a ser no primeiro sementre, a do exercicio anterior e no segundo, a do exercicios vixente, actualizándose deste xeito sementralmente.

Artigo 6.- Beneficios fiscais:

Aplicarase unha bonificación do 100% ao primeiro/a fillo/a da unidade familiar e sucesivos na atención educativa na Escola Infantil Municipal.”

2. Expoñer ó público o presente acordo provisional e novo texto da Ordenanza afectada polo prazo de 30 días hábiles, tal como perceptúa o artigo 17.1 e 2 da mencionado Texto Refundido.

3. Elevar a definitivo, este acordo se non se presentasen reclamacións ó mesmo e continua-lo expediente ata súa conclusión, de conformidade co procedemento presvisto no artigo 17.4 e 5 do repetido Texto Refundido.

4. A referida Ordenanza fiscal modificada entrará en vigor a partires do día seguinte ó da súa publicación íntegra no BOP e terá efectos a partires do mesmo día.”

O que se fai público facendo constar que contra o presente acordo, que pon fin á vía administrativa, de conformidade co establecido no artigo 23 da Lei da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, poderase interpor recurso contencioso administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses que comenarán a contarse a partires do día seguinte ó da súa publicación no BOP. Todo isto sen prexuízo da interposición de calquera outro recurso que se considere oportuno.

Becerreá, 24 de outubro de 2022.- O Alcalde, Manuel Martínez Núñez.

R. 3053

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

Dacordo co disposto no art. 169.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais ó que se remite o art. 177 do mesmo, e no art. 20.3 en relación co art. 38.2 do Real Decreto 500/90, de 20 de abril, faise público para xeral coñecemento, que esta Corporación Municipal en sesión plenaria celebrada o día 2 de setembro de 2022, adoptou o acordo de aprobación definitiva ao non presentarse reclamacións contra o expediente de modificación de crédito 12/2022 suplemento de crédito e crédito extraordinario. Expediente nº 1034/2022.

Coas modificacións acordadas, o resumen por Capítulos do Orzamento de Gastos do 2022, queda fixado segundo se detalla.

Capítulos	Consignación antes deste expediente euros (según contabilidade).	Aumento suplemento de crédito/cred. extraord. euros.	Total consignación resultante euros.
1.-Gtos. Personal	942.274,21	0	942.274,21
2.-Gtos. Bens	2.010.863,88	212.045,46	2.222.909,34
4.-Transf. Ctes.	31.306,00	0	31.306,00
6.-Inversións reais	2.207.417,21	74.697,38	2.282.114,59
7.- Transferencias de capital	0	0	0,00
Totais	5.191.861,30	286.742,84	5.478.604,14

Becerreá, 22 de outubro de 2022.- O Alcalde, Manuel Martínez Núñez.

R. 3054

COSPEITO

Anuncio

APROBACIÓN DEFINITIVA NO BOLETÍN OFICIAL DA PROVINCIA DE LUGO

Acordo do Pleno do Concello de Cospeito polo que se aproba definitivamente o expediente de modificación de crédito n.º 09/2022 do Orzamento en vigor, na modalidade de transferencia de crédito financiada con anulacións ou baixas de créditos doutras aplicacións orzamentarias.

Aprobado polo Pleno da Corporación Municipal de Cospeito (Lugo), en sesión celebrada o 29 de setembro de 2022, o expediente de transferencia de crédito entre partidas de distinta área de gasto, co seguinte detalle:

I. Altas en aplicacións de Gastos

Aplicación		Descrición	Créditos iniciais	Modificacións de crédito	Créditos finais
Progr.	Económica				
162	21400	Elementos de transporte	9.000,00	12.700,00	21.700,00
338	22799	Otros traballos realizados por outras empresas	500,00	9.500,00	10.000,00
453	21000	Infraestructuras y bienes naturales	30.000,00	45.000,00	75.000,00
453	61900	Inversiones de reposición	35.000,00	6.900,00	41.900,00

.II FINANCIAMENTO

Aplicación		Descrición	Créditos iniciais	Modificacións de crédito	Créditos finais
Progr.	Económica				
1532	13000	Pavimentación de vías públicas.- Laboral Fixo	68.236,15	3.000,00	65.236,15
1532	16200	Pavimentación de vías públicas.- Formación e Perfeccionamento	3.104,32	500,00	2.604,32
231	22699	Acción social.- Outros gastos diversos	2.000,00	2.000,00	0,00
231	22799	Acción social.- Outros traballos realizados por outras empresas	760.000,00	6.000,00	754.000,00
241	22104	Fomento do emprego.- Vestiario	1.000,00	1.000,00	0,00
231	46700	Acción social.- A consorcios	26.000,00	2.300,00	23.700,00
912	10000	Organos de Goberno.- Retribucións básicas	80.175,00	9.000,00	71.175,00
920	12006	Administración xeral.- Trienios	12.720,00	800,00	11.920,00
920	12100	Administración xeral.- Complemento de destino	40.236,90	2.500,00	37.736,90
920	12101	Administración xeral.- Complemento específico	64.978,78	3.500,00	61.478,78
920	16000	Administración Xeral.- Seguridade social	34.680,00	9.000,00	25.680,00
920	16205	Administración Xeral.- Seguros	4.500,00	1.500,00	3.000,00
932	15000	Xestión do sistema tributario.- Productividade	2.500,00	1.600,00	900,00
932	16205	Xestión do sistema tributario.- Seguros	4.000,00	400,00	3.600,00
912	23000	Organos de Goberno.- Dos membros dos Órganos de Goberno	20.000,00	8.000,00	12.000,00
920	22601	Administración Xeral.- Atencións protocolarias e representativas	1.500,00	1.500,00	0,00
920	22001	Administración Xeral.- Prensa, libros e outras publicacións	4.000,00	1.100,00	2.900,00
920	22604	Administración Xeral.- Xuridicos contenciosos	6.000,00	2.100,00	3.900,00
920	22200	Administración Xeral.- Servicio de telecomunicacións	8.000,00	1.300,00	6.700,00
943	46300	Transferencia a outras entidades	70.000,00	10.000,00	60.000,00

		públicas. A Mancomunidade.			
920	62600	Administración Xeral.- Equipos para procesos de información.	8.000,00	7.000,00	1.000,00
		TOTAL	1.221.631,15	74.100,00	1.147.531,15

Contra o presente acordo, en virtude do disposto no artigo 171 Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, os interesados poderán interpor directamente recurso contencioso-administrativo na forma e prazos establecidos nos artigos 25 a 42 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora de devandita Xurisdición.

Sen prexuízo diso, a tenor do establecido no artigo 171.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, a interposición de devandito recurso non suspenderá por si soa a efectividade do acto ou acordo impugnado.

Cospeito, 27 de outubro de 2022.- O Alcalde, Armando Castosa Alvariño.

R. 3110

Anuncio

EXPOSICIÓN PÚBLICA DA APROBACIÓN DEFINITIVA DA MODIFICACIÓN DO ANEXO DE SUBVENCIONS NOMINATIVAS DE 2022.

Aprobado inicialmente en sesión ordinaria do Pleno do Concello de Cospeito, en data 29/09/2022, a modificación do anexo de subvencións nominativas do orzamento de 2022, e publicado anuncio de exposición ao público no BOP de Lugo nº228 de 4 de outubro de 2022 e non habendo reclamacións de conformidade co

ANTERIOR DENOMINACIÓN CONFORME AS BEO 2022	NOVA DENOMINACIÓN DA ENTIDADE BENEFICIARIA
Comisión de Festas Patronais da localidade de Arneiro.	AVEAR, asociación de veciños de Arneiro.- (Festas Patronais da localidade de Arneiro).
Comisión de Festas Patronais da localidade de Pino	Asociación Ramistas Pino.- (Festas Patronais da Parroquia de Pino).
Comisión de Festas Patronais da localidade de Arcillá	AA VV para a promoción das Festas Patronais de Arcillá.- (Festas patronais da parroquia de Arcillá).
Comisión de Festas Patronais da localidade de Roás	Asociación Veciñal San Miguel de Roás.- (Festas Patronais da Parroquia de Roás).
Comisión de Festas Patronais da localidade de Goá	Asociación Goá 2019.- (Festas patronais da parroquia de Goá).
Comisión de Festas Patronais da localidade de Santa Cristina	Asociación Cultural Festexos de Santa Cristina.- (Festas patronais da parroquia de Santa Cristina).
Comisión de Festas Patronais da localidade de Sistollo	Asociación San Juan de Sistollo.- (Festas patronais parroquia de Sistollo).
Comisión de Festas Patronais da localidade de Seixas	Asociación veciñal o Cruceiro de San Pedro de Seixas.- (Festas Patronais da parroquia de Seixas).
Comisión de Festas Patronais da localidade de Rioaveso	Asociación de vecinos Santalla de Rioaveso.- (Festas patronais da parroquia de Rioaveso).
Comisión de Festas Patronais da localidade de Cospeito	Asociación Festexos Cospeito.- (Festas Patronais da Parroquia de Cospeito).

acordo adoptado a modificación considerárase definitivamente aprobada, nos seguintes termos:

Cospeito, 27 de outubro de 2022.- O Alcalde, Armando Castosa Alvariño.

R. 3111

LUGO

Anuncio

DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS

A Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria celebrada o día 19 de outubro de 2022, adoptou entre outros o acordo 10/603 delegar as competencias na Tenente de Alcalde Delegada da Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua para a resolución de todos os actos de trámite e resolutivos do **CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE CATRO CARROZAS EN RÉXIME DE ALUGUER PARA A CABALGATA DE REIS 2023 EXP 2022/C004/000024.**

Por todo o cal e con base no sinalado no artigo 9 da Lei 40/15 do 1 de outubro, do réxime xurídico do Sector Público expónse ó público no Boletín Oficial da Provincia para xeral coñecemento.

Lugo, 25 de outubro de 2022.- A CONCELLEIRA DELEGADA DA ÁREA DE GOBERNANZA: ECONOMÍA E RECURSOS HUMANOS, Mercedes Paula Alvarellos Fondo.

R. 3055

Anuncio

DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS

A Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria celebrada o día 19 de outubro de 2022, adoptou entre outros o acordo 9/602 delegar na Excma. Alcaldesa as atribucións para a resolución de todos os actos de trámite e resolutivos do expediente de contratación: CONTRATACIÓN DA OBRA “CORAZÓN VERDE ENTRE MURALLAS: PRAZA DO FERROL” DENTRO DO PROGRAMA DE AXUDAS A MUNICIPIOS PARA A IMPLANTACIÓN DE ZONAS DE BAIXAS EMISIÓN E A TRANSFORMACIÓN DIXITAL E SOSTIBLE DO TRANSPORTE URBANO NON MARCO DO PLAN DE RECUPERACION, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA FINANCIADO A través DO MINISTERIO DE TRANSPORTES, MOVILIDAD E AXENDA URBANA. CODIGO DE PROXECTO 22XX00017 («NEXT GENERATION EU»). APROBACIÓN DO PROXECTO DE OBRA E DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES, ASÍ COMO DO GASTO E ADXUDICACIÓN POR PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO E TRAMITACIÓN URGENTE. APERTURA DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN. EXP. REF. 2022/C002/000025

«Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia - Financiado pola Unión Europea - NextGenerationEU»

Por todo o cal e con base no sinalado no artigo 9 da Lei 40/15 do 1 de outubro, do réxime xurídico do Sector Público expónse ó público no Boletín Oficial da Provincia para xeral coñecemento.

Lugo, 25 de outubro de 2022.- A CONCELLEIRA DELEGADA DA ÁREA DE GOBERNANZA: ECONOMÍA E RECURSOS HUMANOS, Mercedes Paula Alvarellos Fondo.

R. 3056

Anuncio

O Excmo. Concello Pleno, en sesión ordinaria celebrada o 27 de outubro de 2022, acordou aprobar os seguintes expedientes:

- 1.- APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL XERAL.
- 2.- APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL NÚM. 103, REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS URBANÍSTICOS.
- 3.- APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL NÚM. 116, REGULADORA DAS TAXAS POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS NAS ESCOLAS INFANTÍS (0-3 ANOS) MUNICIPAIS.
- 4.- APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL NÚM. 152, REGULADORA DAS TAXAS POR APROVEITAMENTOS ESPECIAIS DA VÍA PÚBLICA.
- 5.- APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL NÚM. 153, REGULADORA DAS TAXAS POR APROVEITAMENTOS ESPECIAIS DA VÍA PÚBLICA CON ENTRADAS DE VEHÍCULOS E RESERVAS DE VÍA PÚBLICA.
- 6.- APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL NÚM. 200, REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA.
- 7.- APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL NÚM. 201, REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE O INCREMENTO DO VALOR DOS TERREOS DE NATUREZA URBANA.
- 8.- APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL NÚM. 202 IMPOSTO SOBRE CONSTRUCIÓN, INSTALACIÓNS E OBRAS.
- 9.- APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL NÚM. 203 REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES

Os citados acordos iniciais estarán expostos ao público durante o prazo de trinta días mediante Edicto no Taboleiro de Anuncios da Corporación, e os expedientes administrativos poderán ser examinados nas dependencias de Facenda Local (Ronda da Muralla 197, 2º andar), para que durante o mesmo prazo os interesados poidan presentar as reclamacións que estimen oportunas. A dita exposición pública anunciarase no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e nun dos diarios de maior difusión da provincia, comezando a contar o prazo a partir do día seguinte ao da última destas dúas publicacións referidas; entendéndose como definitivos os acordos provisionais, de non se presentaren reclamacións a aqueles durante o dito período.

O presente anuncio publícase para os efectos previstos no artigo 17 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

Lugo, 27 de outubro de 2022.- O Secretario Xeral do Pleno, Rafael José del Barrio Berbel, a Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Gobernanza: Economía e Recursos Humanos, Mercedes Paula Alvarellos Fondo.

R. 3084

MURAS

Anuncio

Anuncio da aprobación definitiva das bases reguladoras da convocatoria de axudas municipais para frear a perda de poboación no Concello de Muras

O Pleno da Corporación, na sesión plenaria ordinaria celebrada o día 26.08.2022, aprobou inicialmente as bases reguladoras da convocatoria de axudas municipais para frear a perda de poboación no Concello de Muras.

O expediente someteuse ao trámite de información pública polo prazo de trinta días hábiles a contar desde o día seguinte da inserción do anuncio de aprobación inicial no Boletín Oficial da Provincia (BOP núm. 204 do 6 de setembro de 2022), para que os interesados puidesen examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

Durante o período de exposición pública non se presentaron reclamacións ou suxestións, polo que se considera aprobado definitivamente o acordo plenario referido.

Á vista do anterior, procede, de acordo co disposto na lexislación vixente, publicar o texto íntegro das bases reguladoras.

BASES QUE REXERÁN A CONVOCATORIA DE AXUDAS MUNICIPAIS PARA FREAR A PERDA DE POBOACIÓN NO CONCELLO DE MURAS

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Este Concello detectou que nos últimos anos existe una clara tendencia á diminución da poboación, feito que implica graves consecuencias para o Municipio xa que, se non se cambia a tendencia, chegará un momento en que a escasa poboación impedirá atender uns servizos públicos axeitados e dignos, por outra banda, imprescindibles nos tempos actuais. E non dispendo dos servizos aludidos, aínda se incrementará máis a tendencia a non residir na localidade en busca de servizos que aumenten a calidade de vida dos cidadáns.

Nos ámbitos estatal, autonómico e local, estanse a promover medidas que poñan freo a esta situación, agravada polas crises económicas e o desemprego, que repercuten negativamente na economía dos diferentes tipos de familias existentes hoxe en día.

O marco legislativo prevé actuacións de amparo as familias, como a propia Constitución Española, que, no seu artigo 39, asegura a protección social, económica e xurídica da familia.

A Lei 13/2008, do 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia recolle como un dos obxectivos do Sistema Galego de Servizos Sociais, garantirlles o apoio ás familias como marco de referencia no que se desenvolven as persoas.

Así mesmo, a Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia en Galicia establece no seu artigo 8.2 b) que o municipio exercerá, no exercicio das súas competencias, a execución de medidas, programas e proxectos destinados á atención á familia.

A Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, contempla nos artigos 25 e seguintes, que os municipios, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, poden promover toda clase de actividades que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal.

Neste contexto, considerando de interese público o apoio as familias e o fomento da natalidade como un beneficio para o conxunto da sociedade, vista a continuada caída no saldo vexetativo da nosa poboación e o esforzo económico que afrontan as familias cando se incrementa o seu número de membros este Concello non pode permanecer impasible ante a situación, polo que considera oportuno establecer medidas propias de fomento da natalidade.

BASE PRIMEIRA.- Obxecto

O obxecto das presentes bases é regular e proceder a convocatoria para o ano 2022-2023 en réxime de concorrencia non competitiva de conformidade co establecido no artigo 19.2 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.

Con ditas axudas pretendese colaborar para fixar a poboación no ámbito territorial de Muras, e ao mesmo tempo contribuír a alixear a carga económica que supón a chegada dun novo membro á familia, por calquera dos procedementos legais contemplados na lexislación vixente.

BASE SEGUNDA.-Financiación

As axudas reguladas por esta orde concederanse con cargo á aplicación orzamentaria 327-48100 do orzamento xeral do Concello de Muras para o exercicio 2022, por un importe global que ascende a 300,00€. De cara ás axudas para o ano 2023, a concesión das axudas queda sometida á condición de existencia de crédito adecuado e suficiente no momento da resolución.

As axudas serán adxudicadas ata o límite dos créditos dispoñibles na devandita aplicación orzamentaria na data de resolución, tendo en conta os principios de publicidade, igualdade e obxectividade, conforme ao disposto na lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.

No obstante á vista das cifras resultantes, previa a tramitación da correspondente modificación orzamentaria, poderá incrementarse o importe global e en consecuencia a cantidade a outorgar a cada beneficiario ou beneficiaria.

BASE TERCEIRA.- Natureza e contía da axuda

Esta axuda, será compatible con calquera outra establecida polas administracións públicas. Consistirá nunha cesta por importe equivalente a 300€ composta por cueiros, leites e alimentos infantís, produtos de aseos persoal..., que será entregada polo Concello de Muras por nacemento ou adopción de fillo ou filla e que se outorgará en cumprimento dos requisitos establecidos nesta convocatoria.

No caso de necesidades específicas dos nenos/as, os produtos poderán ser obxecto de substitución por outros, previa solicitude ao Concello.

Non poderá percibirse máis dunha axuda por nacemento ou adopción. No caso de partos múltiples terase dereito a percibir o 100% adicional por cada fillo ou filla. No caso de adopción de mais dun ou dunha menor, terase en conta a mesma porcentaxe de incremento.

BASE CUARTA.- Beneficiarios/as

Poderán ser beneficiarias de esta axuda, aquelas persoas residentes no Concello de Muras que teñan un fillo ou unha filla entre o 1 de xaneiro de 2022 e o 31 de decembro de 2023, tanto por natureza como por adopción, ou estean en situación de garda con fins adoptivos e que, en todo caso, o recentemente nacido sexa empadroado por primeira vez no mesmo Municipio e domicilio que os beneficiarios. En caso de adopción, que no prazo dun mes a contar da resolución xudicial sexa inscrito no Padrón, así mesmo, no domicilio do adoptante. Será documento acreditativo do cumprimento do disposto neste apartado o certificado de empadroamento e convivencia da unidade familiar.

Nos supostos de nulidade, separación ou divorcio dos proxenitores, será beneficiario/a o proxenitor /a, que teña a custodia do fillo ou filla.

As/os estranxeiros que residan no Concello de Muras poderán ser beneficiarios de esta prestación, sempre que cumpran as condicións da Lei Orgánica 4/2000 sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España.

Non poderán ser beneficiarios os/as proxenitores/as que foran privados da patria potestade dos seus fillos ou fillas, ou se a tutela ou garda fose asumida por unha institución pública.

BASE QUINTA.- Requisitos:

Os beneficiarios ou beneficiarias destas axudas deberán reunir os seguintes requisitos:

- Que a persoa proxenitora, adoptante ou en garda que solicite a axuda estea empadroada no concello de Muras, como mínimo seis meses antes da data de solicitude.
- Nos casos de familias monoparentais, separación ou divorcio, a persoa solicitante será a que conviva co fillo ou filla.
- As crianzas terán que se empadroar no municipio.
- Do mesmo xeito as persoas solicitantes deberán comprometerse a seguir empadroadas tanto elas coma os seus fillos ou fillas, por un período de dous anos.
- Non ser debedora da facenda municipal, nin das obrigas tributarias estatais e autonómicas e da Seguridade Social doutras administracións.
- Non estar en ningún dos supostos de prohibición para a percepción de subvencións que se establece no artigo 13 da Lei 38/2003 de 17 novembro, Xeral de Subvencións ou nas circunstancias que recolle o artigo 10 da Lei 9/07, do 13 de xuño de Subvencións de Galicia.

BASE SEXTA.- Presentación de solicitudes:

Presentación: As solicitudes presentaranse de xeito telemático na sede electrónica do Concello de Muras, <http://muras.sedelectronica.gal>, ou por calquera das formas sinaladas no artigo 16.4 da Lei 39/2015 de 1 outubro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas

As solicitudes das axudas, debidamente cubertas e asinadas pola persoa solicitante, formularanse no modelo oficial publicado como Anexo I destas bases, serán dirixidas ao Sr. Alcalde Presidente, ata o día 15 de decembro do 2023.

Serán admitidas as peticións referidas a nacementos ou adopcións producidas no ano 2022 antes da data da publicación da convocatoria, que cumpran cos requisitos esixidos.

Documentación: Xunto coa solicitude achegarase a seguinte documentación:

-Fotocopia do DNI/ tarxetas de residente/pasaportes do/a solicitante.

-No caso de nacemento, certificado da inscrición no rexistro civil ou copia simple do libro de familia no que conste o novo nacemento.

-No caso de adopción copia simple do auto xudicial de adopción ou da resolución administrativa de acollemento preadoptivo.

-No caso de separación copia do convenio regulador, sentenza xudicial de nulidade, separación ou divorcio, segundo o caso.

-Compromiso de seguir empadroados no concello por un período mínimo de dous anos (Anexo II).

-Declaración responsable de non ter obrigas tributarias estatais e autonómicas e da Seguridade Social, así como non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda con administracións.

-Declaración responsable de cumprir cos requisitos establecidos no artigo 10 da Lei 9/2017, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, de conformidade co disposto nos artigos 10 e 13 do Regulamento da dita lei, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

O empadramento e convivencia, así como atoparse ao corrente das obrigas tributarias co Concello comprobarase de oficio.

BASE SÉTIMA.-Normas de instrución do procedemento

O procedemento de concesión destas subvencións tramitarase en réxime de concorrencia non competitiva, segundo a excepción prevista no artigo 19.2º da Lei 9/2007, do 13 de xuño de Subvencións de Galicia.

As solicitudes de axuda presentadas en prazo, tramitaranse e resolveranse por orde de entrada no rexistro do expediente completo e ata o esgotamento do crédito orzamentario destinado ao seu financiamento.

BASE OITAVA. - Defectos de solicitude e outra documentación

O defecto nas solicitudes ou documentación achegada será notificado aos interesados/as polo Concello e daráselles un prazo de dez días hábiles para emendaren os erros ou omisións, con indicación de que no caso de non dar cumprimento ao requirimento, teranse por desistida a súa petición

BASE NOVENA .- Revogación e reintegro da axuda

O incumprimento por parte da persoa beneficiaria de calquera das condicións establecidas nestas bases, levará a declaración da perda do dereito a axuda, e a obriga de restituír as cantidades percibidas, así como a esixencia do interese legal de demora, dende o momento do pago da mesma.

BASE DÉCIMA.- Obrigas das persoas beneficiarias:

1. Estar empadroadas no Concello de Muras un tempo mínimo de dous anos, dende a data de concesión da axuda.
2. Xustificar ante o Concello de Muras o cumprimento dos requisitos, finalidade e condicións, que determine a concesión ou o disfrute da axuda.
3. Sometemento ás actuacións de comprobación a efectuar polo Concello de Muras.
4. Comunicar ao Concello de Muras calquera modificación das condicións tidas en conta para a concesión da axuda, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.
5. Estar ao día nas súas obrigas tributarias estatais e autonómicas e da Seguridade Social, así como non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda co Concello de Muras, con anterioridade a ditarse a proposta de resolución de concesión e realizar a proposta de pagamento da subvención.

BASE DÉCIMO PRIMEIRA.- Sancións

As persoas beneficiarias das axudas seralles de aplicación o réxime de infraccións e sancións previstas na Lei 9/2007 e Lei 38/2003.

BASE DÉCIMO SEGUNDA.- Réxime xurídico

O non previsto nesta convocatoria, e para o seu desenvolvemento, observarase o disposto nas seguintes leis e disposicións:

-
- a) Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.
 - b) Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.
 - c) Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
 - d) Lei 13/2008, do 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia.
 - e) Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia en Galicia.
 - f) Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local
 - g) Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, que será de aplicación nos seus preceptos básicos.
 - h) Lei 39/2015 de 1 outubro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

ANEXO I**SOLICITUDE AXUDAS APOIO Á NATALIDADE POR NACEMENTO OU ADOPCIÓN DE FILLO/A**

DATOS DO/A SOLICITANTE (PAI. NAI OU TITOR LEGAL):

APELIDOS E NOME:		DNI:
DOMICILIO:		
CORREO ELECTRÓNICO:		
TELEFONO MÓBIL:	TELEFONO FIXO:	

DATOS DA PERSOA CAUSANTE (RECÉN NADO OU ADOPTADO):

APELIDOS E NOME:	
DATA DE NACEMENTO OU ADOPCIÓN:	
PARTO MULTIPLE: <input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON	

DATOS DOS PROXENITORES / ADOPTANTES

NAI - APELIDOS E NOME:		
DATA DE NACEMENTO:	NACIONALIDADE:	
DNI:	EMPADROADO EN MURAS: <input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON	
PAI - APELIDOS E NOME:		
DATA DE NACEMENTO:	NACIONALIDADE	
DNI:	EMPADROADO EN MURAS: <input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON	
DOMICILIO FAMILIAR	PARROQUIA	C.P.

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE,

1.- Que son certos os datos consignados na presente solicitude e comprométome a cumprir coas obrigas previstas nestas bases.

2.- Que cumpro cos requisitos establecidos no artigo 10 da Lei 9/2017, do 13 de xuño de Subvencións de Galicia, de conformidade co disposto nos artigos 10 e 13 do Regulamento da dita lei, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

AUTORIZO, expresamente ao Concello de Muras a recoller, en calquera momento, ante a Tesourería Xeral da Seguridade Social, a Axencia Estatal da Administración Tributaria, ante as distintas Consellerías da Comunidade Autónoma e dos departamentos do Concello, documentación precisa para o control e seguimento das axudas concedidas.

SOLICITO me sexa concedida a Axuda para o apoio á natalidade polo nacemento/adopción do meu fillo ou filla
.....

ACOMPaña A SEGUINTE DOCUMENTACIÓN de conformidade co establecido na base sexta da convocatoria:

- Fotocopia do DNI/ tarxetas de residente/pasaportes do/a solicitante.
- No caso de nacemento, certificado da inscrición no rexistro civil ou copia simple do libro de familia no que conste o novo nacemento.
- No caso de adopción copia simple do auto xudicial de adopción ou da resolución administrativa de acollemento preadoptivo.
- No caso de separación copia do convenio regulador, sentenza xudicial de nulidade, separación ou divorcio, segundo o caso.
- Compromiso de seguir empadroados no Concello de Muras por un período mínimo de dous anos (Anexo II)

O/a solicitante declara que coñece e acepta as bases da presente convocatoria.

Muras, a ____ de _____ de 20

Sinatura da nai

Sinatura do pai

ANEXO II**COMPROMISO DE PERMANECER EMPADROADO NO CONCELLO DE MURAS**

APELIDOS E NOME:		DNI:
DOMICILIO:		
CORREO ELECTRÓNICO:		
TELEFONO MÓBIL:	TELEFONO FIXO:	

Solicitante dunha axuda ao Concello de Muras conforme ao publicado nas *bases reguladoras para a concesión de axudas municipais para frear a perda de poboación e apoiar as familias do Concello de Muras*.

COMPROMÉTOME

A estar empadroad/a xunto co meu fillo/a no Concello de Muras, por un período mínimo de dous anos dende a data de resolución favorable da axuda.

En Muras , a ____ de _____ de 20

Asdo.:

Muras, 24 de outubro de 2022.- O alcalde, Manuel Requeijo Arnejo.

R. 3057

RIBADEO

Anuncio

Secretaría Xeral. 02

Expediente nº 3272/2022

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE APROBACIÓN DA LISTAXE PROVISIONAL DE ADMITIDOS E EXCLUÍDOS AO PROCESO SELECTIVO DUN POSTO DE FUNCIONARIO ADMINISTRATIVO DE ADMINISTRACIÓN XERAL.

De conformidade co disposto nas Bases para provisión dun posto de traballo de funcionario Administrativo de Administración Xeral, unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes,

Esta Alcaldía, no uso das atribucións que lle confire a Lei 7/1985, de Bases de Réxime Local,

RESOLVE:

1º.Prestar aprobación á **listaxe provisional de aspirantes admitidos e excluídos** que de seguido se relacionan:

ADMITIDOS

APELIDOS E NOME	OBSERVACIONES
Adega Bellas, Victor Manuel	Aporta CELGA
Andión Pena, Nancy	Aporta CELGA
Antuña Carballés, María Rosa	Aporta CELGA
Bermúdez González, Pilar	Aporta CELGA
Cupeiro Cotarelo, Nuria	Aporta CELGA
Díaz Alvarez, José Manuel	Aporta CELGA
Díaz Miras, María del Carmen	Aporta CELGA
Dorado Fernández, Ruth Mónica	Aporta CELGA
Fanego Candia, Lucía	Aporta CELGA
Fernández Copa, José Alberto	Aporta CELGA
Fernández Pérez, Alberto	Non aporta CELGA
Fra Martínez, Ignacio	Aporta CELGA
Freire Rico, Silvia	Aporta CELGA
Fungueiriño Pazos, José Luis	Aporta CELGA
González García, Marian	Non aporta CELGA
González Pazos, Paula	Aporta CELGA
Gueimunde López, Inés	Aporta CELGA
Iglesias Baniela, Rocío	Aporta CELGA

Irigoyen Vázquez, Sergio	Aporta CELGA
Justo Castro, María del Pilar	Aporta CELGA
Lage Gómez, Manuel Roberto	Aporta CELGA
Lestegás Niñe, María Vanesa	Aporta CELGA
López Ares, Lara	Aporta CELGA
López Blanco, María Raquel	Aporta CELGA
López de Castro Agrelo Rego, Manuel	Aporta CELGA
López García, Begoña	Aporta CELGA
López Pérez, Reyes	Aporta CELGA
Montes Lastra, Bibiana	Non aporta CELGA
Moure López, Jennifer	Aporta CELGA
Otero Abad, Xiana	Aporta CELGA
Pardo Bello, Marcial	Aporta CELGA
Penerbosa Garcia, Lucía	Aporta CELGA
Pérez Prada, Jesús	Aporta CELGA
Pinal Seoane, Silvia María	Aporta CELGA
Ponte Reiriz, Iria	Aporta CELGA
Requejo Peccis, Jesús Enrique	Aporta CELGA
Rioja Míguez, David	Aporta CELGA
Saavedra González, José Manuel	Non aporta CELGA
Santín Castro, Hugo	Aporta CELGA
Silva Fernández, Nathanny	Aporta CELGA
Suárez Alonso, Verónica	Non aporta CELGA
Suárez Expósito, Ignacio Ramón	Aporta CELGA
Torre Mahía, Lidia	Aporta CELGA
Uzal Rey, Ana	Aporta CELGA
Varela Varela, María Victoria	Aporta CELGA
Vázquez Montes, Tamara	Non aporta CELGA
Vilar Reboeiras, Verónica	Aporta CELGA

Villares Díaz, Irene	Aporta CELGA
Vior Martínez, Miguel Angel	Aporta CELGA

EXCLUIDOS**NINGÚN**

2º. Remitir anuncio ao Boletín Oficial da Provincia de Lugo, ao taboleiro de anuncios do Concello e á sede electrónica da web municipal: www.ribadeo.gal, para que durante o prazo de dez días se formulen as alegacións ou correccións de erros que no seu caso procedan.

Acordouno, mándao e asinao o Sr. Alcalde, en Ribadeo o 21 de outubro de 2022, do que eu Secretario dou fe. O ALCALDE, Fernando Suárez Barcia, O SECRETARIO, JOSÉ A. CARRO ASOREY.

R. 3058

MINISTERIO DE FACENDA**BASE DE DATOS NACIONAL DE SUBVENCIONES (BDNS) - DEPUTACIÓN PROV. DE LUGO***Anuncio*

EXTRACTO DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, EN SESIÓN CELEBRADA O 21 DE OUTUBRO DE 2022, POLO QUE SE APROBA A CONVOCATORIA E BASES QUE CANALIZARÁN AS SUBVENCIONES, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA, PARA APOIAR A PREVENCIÓN DE INCENDIOS EN TERREOS AGRÍCOLAS E FORESTAIS, MEDIANTE O FOMENTO DE BOAS PRÁCTICAS DE SILVOPASTOREO E PASTOREO EN EXTENSIVO QUE PRODUZAN A REDUCCIÓN DOS NIVEIS DE BIOMASA EXISTENTE, NA EXECUCIÓN DO PROGRAMA ¿O QUE NON ARDE¿, NA ANUALIDADE 2022

BDNS (Identif.): 655338

De acordo co disposto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencions, publícase o extracto da convocatoria, cuxo texto completo se pode atopar na Base de Datos Nacional de Subvencions (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/655338>) BDNS (Identif.): SUBV/CONC-MRM 2/22

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencions, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo se pode consultar na Base de Datos Nacional de Subvencions (<http://pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>):

Primeiro.- Beneficiarios

Poderán ser beneficiarias destas subvencions as persoas físicas ou xurídicas titulares de explotacións gandeiras que estean inscritas no Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia (Reaga) e que leven a cabo actividades silvopastoris con gandería extensiva, contribuíndo deste xeito á prevención e defensa contra os incendios forestais en Galicia.

Tamén poderán ser beneficiarias as asociacións ou federacións nas que estas se integren, legalmente constituídas, de produtores de gando cabrún, ovino ou porcino que fomenten entre os seus asociados o silvopastoreo preventivo, mediante a formación e o asesoramento técnico.

As beneficiarias deben cumprir os requisitos establecidos nos apartados 2 e 3 do artigo 13 da LXS, e nos apartados 2 e 3 do artigo 10 da LSG, estando sometidos, en todo caso, ás obrigas previstas nos artigos 14 e 11 das mesmas Leis, respectivamente.

En ningún caso poderá acceder á condición de beneficiaria a entidade que, tendo solicitada a subvención, teña pendente de xustificación subvencions anteriormente outorgadas pola Deputación de Lugo, sempre que o prazo establecido para a súa presentación finalizase.

Segundo.- Obxecto

As presentes bases teñen como obxecto a ordenación do procedemento para a concesión de subvencions, en réxime de concorrencia competitiva, no marco do Programa ¿O que non arde¿, de axudas dirixidas a persoas físicas e/ou xurídicas titulares de explotacións gandeiras da provincia de Lugo, que leven a cabo actuacións de silvicultura preventiva de lumes, mediante silvopastoreo ou pastoreo en extensivo, para o que se incentivará a adquisición de elementos capaces de limitar os danos que poida ocasionar a fauna salvaxe ao gando, ao obxecto de contribuír a previr e minorar as consecuencias e os impactos negativos que os incendios forestais poidan provocar sobre a capacidade potencial de desenvolvemento e produción dos montes.

Terceiro.- Bases reguladoras

A Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Lugo, que se pode consultar na web da entidade (<https://www.deputacionlugo.gal/subvencions>).

Convocatoria e Bases canalizadoras das subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para apoiar a prevención de incendios en terreos agrícolas e forestais, mediante o fomento de boas prácticas de silvopastoreo e pastoreo en extensivo que produzan a redución dos niveis de biomasa existente, na execución do Programa ¿O que non arde¿, na anualidade 2022, que se poden consultar na web da Deputación de Lugo (<http://www.deputacionlugo.gal/gl/temas/medio-rural/subvencions-concorrencia>).

Cuarto.- Contía

A contía total máxima destinada a estas actuacións, incluída no Orzamento Xeral da Deputación de Lugo para o exercicio 2022, é de 60.000 €, coa seguinte distribución:

Actuacións incluídas no Eixo 1, liña a): 39.000 €, con cargo á aplicación orzamentaria 4190.789

Actuacións incluídas no Eixo 1, liña b): 5.000 €, con cargo á aplicación orzamentaria 4190.789

Actuacións incluídas no Eixo 2: 16.000 €, con cargo á aplicación orzamentaria 4190.48900

O importe das axudas para cada actuación será o que corresponda en función do orzamento e das solicitudes que cumpran os requisitos establecidos nas Bases 4 e 7, segundo o previsto na Base 2, establecéndose unha contía mínima de 300 € e as seguintes contías máximas:

Actuacións incluídas no Eixo 1, liña a): 2.500 €

Actuacións incluídas no Eixo 1, liña b): 5.000 €

Actuacións incluídas no Eixo 2: 4.000 €

As contías das axudas fan referencia a unha porcentaxe ou fracción do custo total da actuación a subvencionar, xa que, polo menos, o 5% das actuacións subvencionadas deberán ser financiadas pola propia persoa ou entidade beneficiaria.

No suposto de que, unha vez resoltas as subvencións, non se esgote o crédito existente para cada un dos eixos obxecto da presente convocatoria, o remanente existente en cada eixo poderá ser empregado no eixo ou liña/s restantes, sempre que non supoña modificación orzamentaria, co obxectivo de satisfacer as necesidades das solicitudes presentadas.

Do mesmo xeito, tamén se poderán incorporar a este Programa remanentes derivados da execución doutros plans similares postos en marcha por esta entidade.

As subvencións serán compatibles con outro tipo de achegas ou subvencións concedidas para a mesma finalidade por outras Administracións Públicas ou outros entes, públicos ou privados.

Quinto.- Prazo de presentación de solicitudes

Os interesados en solicitar estas axudas disporán dun prazo de presentación de vinte días hábiles contados a partir do día seguinte ao da data da publicación do extracto desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Lugo, 24 de outubro de 2022.- O presidente, P.D. Decreto do 24/07/2019, a deputada delegada da Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade, Mónica Freire Rancaño.